

Descrición deste número

Editores

No **EDITORIAL** deste número o Presidente da AGAMFEC, Jaime González, presenta o Plan Estratéxico da Asociación, que marca as liñas desta sociedade científica para os próximos anos.

Neste número publicanse dous **ORIXINAIS**, un describe as **reclamacións presentadas na Área de Santiago** e analiza a súa utilidade na mellora da calidade da atención. O segundo traballo aproxímanos ao estudo dos **factores relacionados coa variabilidade da terapia anti-coagulante oral**, un tratamento de uso crecente en atención primaria.

En **PARA SABER DE...** ofrecemos unha seria e rigorosa actualización en **Obesidade**. Pensamos que en poucas publicacións se pode acceder a unha revisión exhaustiva, accesible e práctica de este tema como esta. E tamén presentamos un manexo práctico e claro da **utilidade da vía subcutánea na práctica clínica**.

En **HABILIDADES E TERAPÉUTICA** aparece un novo documento da **Serie de Coordinación 061** no que se presenta, utilizando un caso clínico, o programa **PROGALIAM** e a colaboración entre diferentes niveis asistenciais na atención ao enfermo. Un novo traballo sobre **Comunicación** na que se revisan dun modo moi práctico as ferramentas que temos e podemos usar todos no **Manexo do paciente agresivo**. E unha **NOVIDADE** que esperamos sexa satisfactoria para os lectores: Iniciamos unha nova subsección denominada **ECOMATRIX**, cun formato multimedia, na que partindo dunhas imaxes ecográficas publicadas en papel, se conecta coa páxina web www.agamfec.com, na pestana de vídeos, onde se ofrecen o resto de imaxes, os vídeos do caso e a solución. A ecografía en movemento, igual que na práctica clínica.

Contamos cun traballo de **IMPACTO** na sección de **COLABORACIÓNS**, unha perla que estamos seguros vai rodar moito e será nominado e comentado en múltiples foros científicos. Carlos Rodríguez Moreno e Carmen Durán Parrondo debullan e mostran con independencia, transparencia e rotunda claridade a posición real da **Rosuvastatina** no mundo dos lípidos e as enfermidades asociadas. Tamén se presenta unha revisión da situación e perspectivas do **idioma galego na sanidade**. O autor ofrécenos unha alerta e unha ruta que non podemos esquecer.

Continuamos coa sección **CASOS CLÍNICOS**, tan útil como apreciada polos lectores, cun importante compoñente formativo. Nesta ocasión se estudan "varón de 43 anos con disnea: EPOC?", "Fumador de riesgo", "Dor en articulacións e febre" e "Mujer con T4 libre baja", toda unha batería de reflexións que deberemos ter en conta na nosa práctica clínica.

En **CARTAS AO DIRECTOR** se publica un estudo descritivo de síndrome metabólico e risco cardiovascular nunha poboación laboral industrial.

Xa non é novidade, pero segue estando igual de fresca e golosa a peza que nos entrega Pablo Vaamonde da **serie de Medicina Popular en Galicia**. Se antes nos lembraba 'os ofrecidos' agora achéganos 'aos curandeiros', tan asentados nesta terra.

Continuamos tamén neste número coa sección de **HUMANIDADES** onde se presenta un interesante e gratificante recordatorio de "D. Ángel Baltar Cortés, mestre da Cirurxía Galega".

Liberdade de expresión, valor único nunha publicación profesional independente

Ramón Veras Castro, editor de Cadernos de Atención Primaria

As portas de **CADERNOS DE ATENCIÓN PRIMARIA** sempre estiveron e están abertas a calquera colaboración científica e profesional. Ninguén pode dicir que se lle denegou a publicación dun orixinal máis que por motivos científicos. Calquera opinión que se achegou a esta revista encontrou un oco en algunha das súas seccións. **CADERNOS DE ATENCIÓN PRIMARIA** vai continuar así, ten que ser, forma parte da súa personalidade, da súa alma. Se un día se censura unha opinión, será outra revista aínda que se chame igual. O límite está marcado pola liña de ruptura da convivencia, pola falta de respecto, pero nada máis.

O Consello Editorial supervisa o método, a forma, a pertinencia do orixinal para a atención primaria, pero non se pode facer responsable dos contidos. Iso é propiedade exclusiva dos autores.

Lamento profundamente que ser autora dun artigo en **CADERNOS DE ATENCIÓN PRIMARIA** lle provocase a anulación brusca, intempestiva e sorprendente da comisión de servizos a Ana Clavería. O poder, ás veces, é cego e consegue darlle máis realce e fama a aquilo que pretende calar. Este traballo, por outra parte excelente en canto a análise e rigor metodolóxico, foi coñecido e valorado en toda España a través das listas de distribución e blogs en internet, precisamente polas consecuencias que lle supuxo á súa autora. O debate profesional e científico ten as súas normas. Se alguén non está satisfeito ou considera erróneo calquera resultado ou opinión científica ou profesional debe ter un espazo para contestar e aclarar a súa posición. É unha obrigación. Ese é o marco aceptable. Non hai outro.

Alguén dubida do interese dun documento de análise dos primeiros Acordos de Xestión deste goberno feito polas persoas que os elaboraban no anterior?. Penso que non. Unha revista que pretenda ser útil profesional e cientificamente ten que estar onde hai debate, ofrecendo as súas páxinas para polemizar e tentar convencer, non para confrontar e destruír. Quero agradecerlle persoalmente a súa valiosa colaboración a Ana Clavería e animala a ela e a todos os lectores a que continúen usando e fortalecendo esta revista coa súa opinión e argumentación.

A sociedade só pode enriquecerse e medrar coa transferencia da innovación, co debate argumentado, coa crítica respectuosa e rigorosa. Non perdamos a oportunidade de crecer que nos brinda contar cun medio independente e accesible como **CADERNOS**. Porén, coidemos aos seus autores e a súa diversidade.

1. http://www.agamfec.com/pdf/CADERNOS/VOL17/vol_1/07_Colaboracion.pdf